

## INNOVACIÓN DOCENTE NA EMPRESA

*Coordinador/a:* ***Beatriz González Vázquez***

*Participantes:* Nuria Rodríguez López  
M. Eva Diz Comesaña

### **Liñas de actuacións**

---

Na contorna actual, caracterizada pola complexidade, rapidez e imprevisibiliade dos cambios e polo mercado laboral cada vez máis flexible, xa non é suficiente que as persoas dispoñan de moitos coñecementos, senón que é necesario que se formen en competencias que lles permitan adaptarse a unha contorna laboral cambiante. Deste xeito, a chamada sociedade de coñecemento engade outro elemento esencial a ter en conta na aprendizaxe, isto é, a xeración dunha cantidade de información grande, a súa rápida obsolescencia e a necesidade extraerlle toda a utilidade. Así pois, é preciso formar a persoas coa capacidade de «aprender a aprender».

Desta maneira, a creación deste grupo de innovación educativa ten a súa orixe no forte compromiso dos membros do equipo coa docencia.

### **Obxectivos**

---

Este forte compromiso dos membros do equipo coa docencia pretende conseguir un dobre obxectivo, por unha banda e desde unha perspectiva xeral, búscase a mellora da docencia impartida polo profesorado nos novos sistemas do espazo europeo de educación superior, e por outra banda, e derivado do primeiro sexa desde unha perspectiva particular, está a mellora da aprendizaxe individual do alumnado e a súa capacidade de afrontarse ao mundo laboral unha vez rematada a súa etapa universitaria.

Neste sentido, as deficiencias sinaladas polas persoas egresadas son un punto de referencia para iniciar procesos de cambio no ensino, e adquire unha especial importancia, captar o interese do alumnado para poder motivalo e fomentar o proceso da autoaprendizaxe, para así, conseguir unha maior eficacia no proceso de aprendizaxe do alumnado tanto na aula como fóra dela.

### **Plan de traballo**

---

A experiencia que este grupo de investigación ten proposto realizar céntrase na avaliación de competencias transversais, en diversas materias de grao tanto en titulacións técnicas coma da rama das ciencias sociais. Como sinala o *Informe REFLEX: El Profesional Flexible en la Sociedad del*

*Conocimiento: Nuevas Exigencias en la Educación Superior en Europa* (ANECA, 2007), as persoas egresadas universitarias valoran moi pobremente o modo en que a universidade lles proporcionou «capacidade atopar novas ideas e solucións», «capacidade para detectar novas oportunidades», «capacidade para negociar de forma eficaz», «capacidade para presentar en público produtos, ideas ou informes». En particular, as persoas graduadas en Ciencias Económicas e Empresariais confesan presentar unha deficiencia elevada en «ter unha actitude crítica fronte ás ideas propias e alleas» e «capacidade para empregar ferramentas informáticas». No caso das persoas egresadas de titulacións técnicas, estas indican un grave déficit na capacidade para facerse entender e en competencias relacionadas coa competencia oral.

O plan de desenvolvemento é o seguinte:

Xuño 2016: Recopilación de información sobre as competencias a avaliar.

Xullo 2016: Análise dos distintos indicadores a traballar co alumnado en cada unha das competencias.

Setembro 2016. Elaboración do material a empregar.

Outubro-décembro 2016. Experiencia de avaliación de competencias transversais co alumnado na materia de grao en Enx. de Tecnoloxías de Telecomunicación e unha materia no grao en Administración e Dirección de Empresas.

Décembro 2016-xaneiro 2017: Análise de datos e extracción das primeiras conclusións.

Xaneiro-xullo 2017: Inicio de difusión dos resultados.